



Aula profesional ECOADE: Aprendendo das empresas/institucións

O 3 de maio rematou o ciclo de conferencias Aprendendo das empresas/institucións coa charla impartida por Desirée Teijeiro Osorio, directora de operacións e cofundadora de LiberaBio, unha compañía biofarmacéutica dedicada ao desenvolvemento dunha nova clase de terapias contra o cancro, que nos explicou como unha spinoff nace a partir dun equipo de investigación. Ademais da robustez do equipo e do proxecto, falou da importancia de contar coa colaboración e axuda das institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, tanto na cesión de instalacións como na xestión de patentes ou outros aspectos. No ámbito da xestión empresarial destacou as particularidades da búsqueda de financiación, as dificultades que se xeneran na xestión cando se reciben fondos co cumprimento de hitos ou avances nos seus proxectos e a importancia dunha información fiable e relevante esixida polos inversores actuais e potenciais. Esta charla foi organizada coa colaboración da Cátedra de Empresa Familiar da USC.



Aula profesional ECOADE: Cursos e talleres

O 5 de maio rematamos as actividades da Aula Profesional ECOADE cun taller impartido por Maribel Pérez Vaz de Plexus Tech co que o noso alumnado puido preparar os pasos a dar no primeiro día de traballo nunha empresa ou institución.





Plan de Acción Titorial

Xornada de orientación para egresados/as

O 10 de maio tivo lugar a xornada de orientación para o alumnado que está a piques de rematar o grao de Economía ou ADE. Contamos con representates do programa de doutoramento da EDIUS (Escola de Doutoramento Internacional), dos másteres oficiais que se imparten na Facultade: Mestrado en Desenvolvemento Económico e Innovación, Dirección de Empresas, Dirección e Xestión Contable e Financeira, Economía e Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas, dos másteres propios: Dirección e Xestión do Comercio Exterior e Marketing Digital, da Área de Orientación Laboral da USC e do Colexio de Economistas de A Coruña.



Xornada de orientación sobre optativas

O mesmo 10 de maio, o alumnado de 3º dos graos de ADE e Economía tivo unha sesión de orientación sobre optativas dentro do Plan de Acción Titorial da Facultade. Esta xornada celebrouse este curso por primeira vez en resposta a unha petición do alumnado delegado expresada nas xuntanzas mantidas co equipo decanal.





Feira dos libros libres

O 17 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, finalizou a Feira dos Libros Libres. Durante un mes expuxéronse unha grande diversidade de libros e revistas, usados e seminovos liberados que toda persoa interesada puido levarse de forma gratuíta. Esta iniciativa permitiunos distribuír gratuitamente 626 exemplares de libros e revistas usados e seminovos.



Xornada de Innovación Docente

O 24 de maio celebramos a I Xornada de Innovación Docente, onde se presentaron diferentes iniciativas postas en marcha na Facultade e que se están empregando na docencia de diversas materias de grao. Esta xornada permitiu divulgar propostas que poden servir de referencia ao resto de profesorado e tamén se aproveitou para dar o coñecer o repositorio de prácticas que inauguramos este curso no noso centro a partir da convocatoria do Iº Premio de Innovación Docente, destinado a recoñecer o esforzo innovador nas nosas titulacións.

Así, tivemos a ocasión de escoitar ás profesoras María del Carmen Sánchez Carreira, Loreto Fernández, Belén Fernández, Xulia Guntin e Eva Aguayo que explicaron as iniciativas innovadoras que están empregando na docencia de diversas materias de grao. O profesorado asistente participou activamente para coñecer os pormenores de cada unha das propostas. Sen dúbida foi unha mañá moi enriquecedora.





Visita guiada ao noso patrimonio artístico

O 7 de xuño fíxose por primeira vez unha visita guiada para coñecer o valioso patrimonio artístico da nosa Facultade. A iniciativa partiu da proposta de Eva López, presidenta de Alumni USC, o que nos pareceu unha magnífica forma de fortalecer ligazóns co antigo alumnado da Universidade de Santiago de Compostela. A visita foi moi enriquecedora grazas ás completísimas e amenas explicacións de M^o Cristina Carballado Penelas. Sen dúbida, unha estupenda experiencia que pensamos repetir no primeiro cuadrimestre do próximo curso académico.



Alumnado titor

O alumnado titor da Facultade, César Álvarez Fernández, Álvaro Andián Mosquera, Sara Ashour, Claudio Bernabé Fernández, Ana Blanco Otero, Anxo Blanco Uzal, Isaac Iglesias Sieira e Uxia Anido Ruibal, xa está preparado para realizar o seu traballo no curso 23/24.

Despois da formación xeral que recibiron na USC, o 7 de xuño tiveron unha formación específica sobre diversos temas relacionados coa Facultade e información sobre as principais tarefas que terán que desenvolver no próximo curso.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Xantar de confraternización

Todos os anos tratamos de celebrar un xantar de confraternización na Facultade, e nesta ocasión foi o pasado 28 de xuño. Un momento para coincidir con persoas que levan traballando moitos anos no noso centro ou que se incorporaron máis recentemente. Estes bos costumes tamén nos axudan a sentirnos máis partícipes da pequena comunidade que formamos a xente que traballa na Facultade.



Defensas de TFG

O 29 e 30 de xuño celebrouse a defensa de Traballos de Fin de Grao de ADE e Economía, nas modalidades de póster e tribunal. Presentaron o seu TFG mediante póster 27 alumnos/as de Economía e 70 de ADE e mediante tribunal 20 de alumnos/as de Economía e 6 de ADE.





Outros acontecementos na Facultade



A Facultade acolleu o xoves, 8 de xuño, a xornada *Innovación e sustentabilidade na economía azul: emprendemento para un futuro máis azul*; un evento enmarcado no proxecto europeo FAN – BEST, liderado pola USC.

Dentro do programa da Universidade de Verán 2023 da USC, os días 22 e 23 de xuño celebrouse na Facultade o curso *Novas tecnoloxías de impacto no sector financeiro*, cun total de 16 horas lectivas (convalidable por 1 ECTS).



Académico de número da Real Academia Española de Ciencias Económicas e Financeiras

Luis Otero González, catedrático do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, director da Cátedra de Empresa Familiar da USC e delegado do reitor para temas de transferencia de coñecemento, foi admitido por unanimidade como académico de número da Real Academia Española de Ciencias Económicas y Financieras (RACEF).



Promoción do PDI

Isabel Neira Gómez (Economía Cuantitativa), Xosé Antón Rodríguez González (Economía Cuantitativa) e Manel Antelo Suárez (Fundamentos de



Análise Económico) promocionaron a Catedrático/a.

Así mesmo, promocionaron a profesorado titular M^a del Carmen Sánchez Carreira, Rosa Regueiro Ferreira e Pilar Murias Fernández do departamento de Economía Aplicada e Rubén Lado Sestayo do departamento de Economía Financeira e Contabilidade.

Ademais, María Ángeles Pereira Sanchez (Economía Aplicada), María José Rodríguez Gulias (Economía Financeira e Contabilidade) e Pedro Varela Vázquez (Economía Aplicada) promocionaron a Contratados/as Doutores/as.



Actos de graduación

O 14 de xullo celebrouse o acto de graduación da promoción de Administración e Dirección de Empresas 2019-2023 e o 20 de xullo tivo lugar o acto de graduación de Economía 2019-2023. Parabens ao alumnado que rematou os seus estudos.



Teses defendidas

Durante os meses de maio, xuño e xullo defendéronse as seguintes teses no noso centro:

- *O papel das Tecnoloxías da información e comunicación no proceso de construción de coñecementos en Angola: unha perspectiva de estudantes e profesores de ISPTEC en 2019.* Autoría: Nelson Amilcar Frechauth de Jesús Xavier; Dirección: Carlos Ferrás Sexto.
- *Os sistemas alimentarios alternativos en Galicia fronte ao réxime agroindustrial-global: cadeas curtas, economía circular e agroecoloxía. Análise socioeconómica e avaliación ambiental mediante modelos EEMRIO.* Autoría: Manuel Santos Caruncho; Dirección: María Ángeles Pereira Sánchez e Xavier Vence Deza.
- *The regional economic integration of Kazakhstan: Desintegration and re-integration processes.* Autoría: Natalya Solomatina; Dirección: María Dolores Riveiro García e María Belén Fernández Castro.
- *A global perspective of the health systems and their relationship with the economy.* Autoría: M^a Carmen Vilariño López; Dirección: Melchor Fernández Fernández, Yolanda Pena Boquete e André Carrascal Incera.
- *Incertidumbre y decisiones de ahorro de los hogares en Colombia: Evidencia de ahorro precaución.* Autoría: Freddy Jesús Ruiz Herrera; Dirección: María Dolores Riveiro García e Roberto Bande Ramudo.



Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Servizos:

- 11 de maio: Aprobación da proposta de reparto do orzamento do ano 2023.

Comisión Intercentros do grao en ADE:

- 23 de maio: Informe do resultados do grao en ADE do curso 21-22, valoración sobre o desenvolvemento do curso 22-23, proposta para a creación dunha comisión intercentros para a revisión/reforma do plan de estudos de ADE.

Comisións Académicas ADE-Economía:

- 30 de maio: Informes de resultados do curso 21-22, valoración das xuntanzas de coordinación e informes de verificación.

Comisión de Calidade:




- 31 de maio: Aprobación dos informes de resultados dos títulos oficiais do curso 21-22, aprobación da memoria de calidade do curso 21-22, informe sobre a situación dos recursos humanos 21-22, aprobación da proposta do Máster en Economía Circular.

Comisión de TFG:

- 1 de xuño: Revisión e modificación dos criterios de avaliación do TFG, aprobación da programación das materias de TFG de ADE e Economía.
- 7 de xullo: Aprobación da guía docente de TFG para o curso 23-24, informe para o comité de Bioética da USC en relación cunha proposta de TFG de Economía con tarefas nas que participan seres humanos como suxeitos de estudo.

Xunta de Facultade:

- 2 de xuño: Aprobación da programación docente do curso 23-24, aprobación da proposta do Máster en Economía Circular.
- 23 de xuño: Aprobación das convocatorias de cambio de quenda e de dispensa para o curso 23-24, aprobación da proposta de reparto do orzamento para o ano 2023, aprobación do calendario de exames dos grao se do máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas para o curso 23-24, proposta de acordo sobre o uso de dispositivos electrónicos nas aulas, proposta de comisión redactora intercentros para a modificación do grao en ADE.
- 12 de xullo: Aprobación da memoria de calidade 21-22.



Séguenos nas nosas redes sociais